

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MONELOS
CURSO: ESO - BACHARELATO
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA:10/5/20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Curso	1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º e 2º	Mellorar os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel.	Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas adaptadas máis sinxelas, respectando as regras e as normas establecidas. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar e propor actividades
	Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións coordinativas, físicas e deportivas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. Desenvolver as capacidades físicas mostrando unha actitude de auto esixencia no seu esforzo.	Utiliza técnicas corporais básicas, combinando espazo, tempo e intensidade, con e sen música Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca, e tendo en conta a súa idade Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades.
3º	Compor e presentar desafíos individuais ou colectivos, seleccionando e axustando os esforzos ao nivel da súa idade	Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.
	Mellorar os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para desenvolver programas de entrenamiento individuais, en parellas e pequenos grupos
	Desenvolver as capacidades físicas mostrando unha actitude de auto esixencia no seu esforzo Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración-oposición nas actividades físico-deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo, autoexixencia e superación. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros, e os adversarios, nas situacións colectivas.
4º	Compor e presentar composicións individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva, a través da música.	Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.
	Mellorar os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel.	Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros, e os adversarios, nas situacións colectivas.
	Desenvolver as capacidades físicas mostrando unha actitude de auto esixencia no seu esforzo	Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora de diferentes factores da condición física.
1º Bac	Planificar, elaborar e pór en práctica (se fora posible), un programa persoal de actividade física que incida na mellora e o mantemento da saúde, aplicando os diferentes sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.	Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.
	Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para desenvolver programas de entrenamiento individuais
	Mellorar os factores da condición física, practicando actividades físico-deportivas adecuadas ao seu nivel	Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Farémolo tanto de forma subxectiva como obxectiva recorrendo así, tanto a técnicas e procedementos de observación coma de experimentación. Usaremos: test de condición física (a través de aplicacións móbiles), probas de execución (vídeos), e realización de traballos de maneira individual e pequenos grupos.</p> <p>“Os métodos e instrumentos de avaliación do primeir e segundo trimestre, son os establecidos na programación”</p>
	<p>Utilizaranse diferentes instrumentos, adaptados a excepcionalidade da situación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vídeos enviados polos alumnos - Traballos teóricos individuais e en pequenos grupos - Seguimento do alumno a través de apps móbiles para a práctica de deportes
Cualificación final	<p>A cualificación final obterase da seguinte maneira: A media aritmética da 1ª e 2ª avaliación, representará o 100% da nota. As actividades desenvolvidas durante o período de confinamento, poderán incrementar, a nota media obtida, até 1 punto. Para aqueles alumnos na ESO, cuxa nota media da 1ª e 2ª avaliación situase entre un 4 e un 4,9, planearanse actividades de recuperación que favorezan o logro das competencias que lles permitan superar a materia durante o curso. No Bacharelato os alumnos deberán presentarse á convocatoria de setembro.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No caso de non supera-la materia na convocatoria ordinaria o alumno deberá presentarse á <u>convocatoria extraordinaria</u>, na que será necesario que demostre os seus coñecementos a nivel conceptual e procedimental. A cualificación obterase de suma-los logros <i>cognitivos (30%) cos motores (70%)</i>.</p> <p>Aqueles alumnos, que por motivos médicos non puidesen realizar as probas prácticas, deberán presentar traballos teóricos daqueles contidos non superados (30% dá nota), e realizarán unha proba global escrita dos contidos non superados na primeira, segunda ou ambas avaliacións (70%).</p> <p><i>Dita exención deberá estar debidamente xustificada, a través dun certificado médico que así o indique.</i></p>
Alumnado de materia pendente	<p>Os criterios de avaliación, serán os mesmos que para o curso.</p> <p>Para superar a materia pendente, o alumnado deberá ter aprobado a 1ª e 2ª avaliación do presente curso, ó inicio da 3ª avaliación. De non ser así, se lle realizará unha proba (teórico 30% - práctica 70%) na convocatoria extraordinaria dos contidos do curso pendente, establecidos nesta programación.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Exponse aos alumnos actividades semanais, que deben realizar e entregar en formato de texto ou vídeo. Así mesmo utilízanse aplicacións móbiles para poder facer un seguimento da parte procedimental da materia, levando un control da mesma. (Edmodo, Cisco Webex, Endomondo, etc)
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Adaptarase a metodoloxía a excepcionalidade da situación, utilizando os canles establecidas para manter un contacto o máis fluído posible co alumnado. Ditos canles son: Cisco Webex, Aula Virtual, Google Classroom. “Sen conectividade é imposible plantexar actividades”.
Materiais e recursos	Entrega de traballos escritos relacionados cos contidos non superados durante a 1ª o 2ª avaliación, ou ambas.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro
Publicidade	Páxina web do centro.